

PLAN DE CONTINXENCIA NAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLO ANPA DO CEIP DE CERVO.

DATA: setembro 2021

Consideracións xerais:

Despois dun ano e medio de parón nas actividades extraescolares, a Anpa do Ceip de Cervo, decide fazer a proposta ó consello escolar de retomalas no curso 21/22.

Son moitos os motivos que nos levan a asumir de novo este reto e queremos destacar os seguintes:

- Crear espazos educativos, culturais, deportivas onde os nenos/as poidan relacionarse en función das súas preferencias dentro do tempo de libre.
- Facelo nos espazos da comunidade educativa o que nos leva a reforzar os vínculos con nenos e nenas doutros niveis e grupos. A maiores na etapa de infantil os pequenos/as séntense más seguros no seu colexio a hora de facer extraescolares.
- A conciliación da vida familiar e laboral tan necesaria para as familias é outro dos motivos que como Anpa nos leva a fazer a proposta.
- O compromiso coas empresas e monitores cos que levamos traballando ó longo de tantos anos, e somos sabedores de que a súa situación laboral coa pandemia foi moi delicada, e estamos convencidos de que temos que apoiar a este sector.

Co fin de cumplir co protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021/22 elaboramos o plan de continxencia para as actividades extraescolares organizadas pola Anpa no Ceip de Cervo partindo do disposto no anexo VI “Actividades extraescolares e complementarias” do Protocolo de Adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022.

Así, de acordo con lo disposto anteriormente, se indican a continuación las normas y regulas de actuación a ter en conta:

1. Acceso as actividades: as familias non poderán acceder ó recinto escolar, serán os monitores os encargados de recoller e devolver ó alumnado na parte exterior da porta principal. No caso dos menores que fagan uso do comedor, o coidador de comedor ou algúm membro do Anpa designado para elo será o encargado de levar ós menores ó espazo no que se impartirá a actividade.
2. Obrigatoriedade do uso de máscara; para as actividades que se vaian a desenrolar en lugares pechados, tanto para o monitor como para todo o alumnado de primaria e moi recomendable para alumnado de infantil, e; no caso de actividades ó aire libre sempre que non se poida garantir a distancia de seguridade de 1,5 metros.
3. Deberán traer reposto de máscaras áinda que tamén a Anpa repartirá ós monitores repostos para o alumnado en caso de que non teñan ou non estean nas condicións axeitadas as que traen.
4. Sempre que sexa posible polo tipo de actividade a realizar, respectarase a distancia de seguridade de 1,5 metros. En todo caso, empregarase a maior distancia posible dentro dos recintos.
5. Priorizaranse as actividades ó aire libre, cun aforo máximo de 20 nen@s por monitor. No caso do pavillón este aforo podrá aumentarse a 40 nen@s, sempre e cando exista outro monitor de reforzo.
6. Empregaranse para as actividades extraescolares as aulas designadas polo centro educativo, así como o pavillón do mesmo.
7. O monitor accederá ó colextio pola entrada principal, facendo uso do xel desinfectante que se atopa na entrada, e agardará a chegada dos nenos e nenas na porta exterior do colextio. No caso dos nenos que fagan uso do comedor, o membro do Anpa designado, ou no caso de non estar presente, un/unha coidador/a do comedor, será o encargado de levar ós nenos á aula correspondente.
8. Ó entrar e saír da actividade deberán desinfectarse ás mans, no caso de dermatite ou alerxia de contacto poderán ir ó baño a lavalas mans.
9. O alumnado no poderá mesturarse con outras aulas e actividades.

10. As sesións serán de sesenta minutos, excepto costura, que a súa duración será de 120 minutos, momento no que se deberá abondar a sala e cada monitor se encargara do traslado dos nenos e nenas ata a porta do exterior do colexio.
11. Ventilación: a aula deberá permanecer coa xanela e porta aberta co fin de garantila a correcta circulación do aire. No tempo que vai entre un grupo e outro deberase abrir tódalas ventás e a porta (entre grupo e grupo calculamos que haberá 15 minutos de ventilación sen alumnos/as)
12. Desinfección: as actividades que usen mesas para traballar ou outros materiais, procederán á súa desinfección antes de comezar a sesión e posteriormente. Serán os propios monitores os encargados e responsables de facelo.
13. As Actividades desenvolveranse sempre no mesmo local, e os grupos serán definidos dende o principio de curso, contarán tal e como xa era habitual con listaxe de alumnos e seguimento de asistencia, por se o equipo covid desexa solicitar esta información.
14. Cada grupo de actividade terá designado un aseo, con indicación e control de aforo segundo o previsto na lexislación vixente.
15. Evitarase compartir material e, se fose necesario, estará previamente hixienizado. Despois do uso volverase a hixienizalo e será obrigatorio o lavado de mans.
16. Baixo ningún concepto poderán compartirse botellas de auga, que deberán estar claramente identificadas.
17. O protocolo marca que as actividades extraescolares poden ser en agrupamentos por ciclos e cursos próximos. Segundo isto faremos as agrupacións para as actividades cando o número de inscritos sexa elevado.
18. Conxuntamente coa documentación que deben cubrir as familias para participar nas actividades extraescolares deberán asinar a declaración de responsabilidade na que se comprometan a valorar e respectar as normas establecidas para o funcionamento das actividades e prevención da covid.